

Daniel D. García

(Tui, 1981)

Guionista, director e profesor de narrativa audiovisual.

Como guionista traballei para cine ("O corpo aberto" de Ángeles Huerta), televisión (máis de cen capítulos de series de todos os xéneros, como "Luci", "Padre Casares", "Matalobos", "A vida por diante", "As leis de Celavella" ou "Terra de Miranda", entre outras) e internet ("Antes de Perder").

Desenvolvín proxectos de series, TV movies e programas de televisión, en dúas etapas diferentes, para as produtoras Filmax Animation/Bren Entertainment e Voz Audiovisual.

Ademais da escrita, explorei a dirección coas curtametraxes de ficción "Meniña", "Paraíso" e "Mind the Gap", e cos vídeos experimentais "A deitadiña" e "Fermée" (escollida na sección oficial do Proceso de Error, Festival de vídeo experimental de Valparaíso, Chile, e na mostra CineAutopsia do Festival de Cine Experimental de Bogotá, Colombia).

Ampliei a formación en cursos e master-classes impartidas por guionistas e mestres de narrativa audiovisual como Syd Field, Robert McKee ou Ignacio del Moral. E, grazas a unha bolsa para profesionales concedida polo Consorcio Audiovisual de Galicia, tiven a oportunidade de asistir ao Eight Week Filmmaking Workshop da NYFA (novembro de 2007 – xaneiro 2008).

Como profesor impartín o módulo Guión I do MPXA e os obradoiros de "Diálogos para cine e televisión" e "Guión de thriller" durante tres promocións da Escola de Ficción de Voz Audiovisual.

Recibín en dúas ocasións o Premio Mestre Mateo ao Mellor Guión (2005 e 2012).

+ filmografía como guionista en [imdb](#)

+ varios en [vimeo](#)